

A TERRA CHÁ:
POESÍA E PAISAXE

REAL ACADEMIA GALEGA

O solemne acto académico no que foron lidos os dous discursos recolleitos
no presente volume celebrouse no Auditorio Municipal "Carmen Estévez", de Vilalba,
capital da Terra Chá.

A TERRA CHÁ: POESÍA E PAISAXE

DISCURSO LIDO
O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2003,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

MANUEL MARÍA FERNÁNDEZ TEIXEIRO

E RESPONSA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN



I.S.B.N.: 84-87987-35-4

Depósito Legal: VG-99-2003

© REAL ACADEMIA GALEGA, 2003

Producción: Editorial Galaxia, S. A.

Impresión: Obradoiro Gráfico, S. L., Polígono Industrial do Rebullón, 52 D (Puxeiros) - MOS

A CORUÑA
2003

DISCURSO
DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON
MANUEL MARÍA FERNÁNDEZ TEIXEIRO

Excelentísimo Señor Presidente,
Ilustrísimas señoras e señores académicos,
Miñas donas, meus señores, amigas e amigos:

Antes de nada é unha obriga ineludíbel mostrar o meu agradecemento por verme nomeado para ocupar unha cadeira de numerario nesta Academia Galega, quizais a máis alta e representativa entidade cultural de Galicia, case en vésperas de cumprir o seu centenario, tal como a soñaron os seus impulsores e creadores: o noso gran poeta civil Manuel Curros Enríquez e o xenial creador da nosa Historia, o sabio Manuel Murguía, “pequeno de corpo e grande de esforzo”, que compartiu os seus traballos e parte dos seus días con Rosalía de Castro, a voz máis fonda e fermosa que cantou entre nós e, sen dúbida, a poeta máis completa que deu a Humanidade, e que conste que non esaxeramos.

Non sei se teño merecido —dito esto sen falsa modestia— a distinción coa que me honrades ao chamarme entre vós. O que si sei é que me sinto enormemente satisfeito por formar parte dunha institución á que pertenceron Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Noriega Varela, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Daniel Alfonso R. Castelao, Florentino López-Cuevillas, os irmáns Vilar Ponte, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro e Aquilino Iglesia Alvariño, figuras imprescindíbeis na nosa cultura e na do mundo.

Como non podería ser doutro xeito, considero unha obriga dedicar unha emocionada lembranza —e esta humilde homenaxe— aos grandes poetas e amigos da miña propia xeración Manuel Cuña Novás e Uxío Novoneyra, que xa non están con nós. Cada un deles debería ter ocupado unha cadeira nesta institución, o mesmo que Celso Emilio Ferreiro e Xosé María Díaz Castro.

É para min un especial motivo de xúbilo que a Academia lle dedicase o Día das Letras Galegas do ano 2003 ao extraordinario poeta Antón Avilés de Taramancos, un dos máis novos dos que formamos a Xeración do 50, xeración que recuperou a nosa gloriosa tradición literaria facendo de ponte

entre a xeración xurdida antes da sublevación franquista e as que apareceron despois. Para esta xeración, o inesquecible Salvador Espriu escribiu este impresionante poema: “Inicio de cántico no templo”:

*Decide agora: “A xesteira florece,
en todos os campos hai vermello de mapoulas.
Con nova fouce comeceamos a segar
o trigo maduro e, con el, as herbas rúis”.
Ouh xóvenes labios abertos despois
da escuridade, ¿se souperades como a alba
nos tardou, que longa é a agarda
do alzamento da luz na tebra!
Pero vivimos para salvarvos as palabras,
para devolvervos o nome de cada cousa,
para que sigades o camiño dereito
de acceso ao pleno dominio da terra.
Ollabamos na lonxanía do deserto,
baixabamos ao fondo do noso soño.
Cisternas secas volvíanse cumes
subidas por chanzos de lentas horas.
Decide agora: “Nós escoitamos
as voces do vento por alta mar de espigas”.
Decide agora: “Manterémonos fieles
para sempre endexamais ao servizo deste pobo”.*

Debido á miña formación autodidacta e ás propias limitacións, pouquísimo ou nada poderei achegar a esta ilustre corporación. Considérome un galego normalizado nun país que ten unha Lei de Normalización Lingüística. Escribín por un irreprimíbel afán de comunicación cos meus semellantes, e por gañarlle un mínimo espazo á morte. A palabra falada lévaa o vento. A que se escribe, anque non se lea nunca, permanece viva mentres se conserve no soporte que a contén. Nos anos da adolescencia e a mocidade coidei que era poeta. Conforme foi pasando o tempo, entráronme as dúbidas. O número de versificadores é infindo. Os auténticos poetas, moi escasos. Sospeito que ao longo da miña vida houbo algún intre no que quizais rocei o milagre poético. Quizais. Non podo afirmalo. Ao peor todo foi un espellismo. Teño sempre moi presente un poema de Álvaro Cunqueiro no que di:

Pra un verso mil anos son unha mocedad.

E tamén, o remate da “nenia” que Aquilino Iglesia Alvariño lle dedicou a Tibulo:

*¡Que doce ser un nome, un nome solo
e unha saudade dous mil anos viva!*

Dentro de dous mil anos, pois, falaremos.
En Francis Jammes, devoción que lle debo a Luís Pimentel, atopei resumidas as miñas aspiracións. Velá as súas palabras:

Meu Deus: chamáchesme entre os homes. Eiquí estou. Padezo e amo. Falei coa voz que me deche. Escribín coas palabras que lle ensinache a miña nai e a meu pai, e que eles me transmitiron. Vou polo camiño como vai o asno coa súa carga, dando que rir ás criaturas, coa cabeza gacha.

Eso é: “As palabras que lles ensinache a miña nai e a meu pai, e que eles me transmitiron”. Palabras que veñen dos devanceiros e que foron facendo ao noso pobo. O idioma non é, exclusivamente, noso: pertence aos devanceiros e aos que nos sucedan. Nós unicamente recibimos a lingua en usufructo e temos a obriga de conservala e melloralala. ¿Que pensaríamos e diríamos, como xa sinalou Castelao, de quen destruíse a catedral de Santiago, a Torre de Hércules, a muralla de Lugo ou a ponte romana de Ourense? Pois ben, o noso idioma é moitísimo máis importante. Por eso temos que transmitírllelo ás galegas e galegos que nos sucedan. Recibímolos en herdo coa obriga de conservalo, agrandalo e perfeccionalo. Sería monstruoso priválos de tal riqueza. Sería abominábel negarlles ese ben supremo, esencial para que Galicia viva e sexa algo no mundo. Se un idioma morre, morre tamén o pobo que o fala.

Veño á Academia Galega a suceder a Marino Dónega Rozas, que desempeñou importantes cargos na Xunta de Goberno desta casa, representándoa en sobranceiras institucións culturais galegas. Formado en Dereito na Universidade compostelá, exerceu brillantemente a avogacía e formou parte do famoso estudio xurídico de don Sebastián Martínez-Risco, que presidiu en anos nada doados esta Academia. Marino Dónega foi un destacado galeguista. Ostentou, antes da sublevación militar, a presidencia da “Mocidade galeguista de A Coruña”. Colaborou activamente na propaganda do Estatuto de Autonomía de 1936 e, xa nos anos cincuenta, na fundación da Editorial Galaxia, sumándose tamén ao seu grupo ideolóxico. Na Editorial Galaxia publicou cun limiar seu as *Prosas galegas*, de Florentino Cuevillas, que el mesmo recom-

pilou, unha *Escolma posible*, de Castelao, e unha antoloxía, co seu correspondente prólogo, da poesía de Ramón Cabanillas. Tamén é autor dunha introducción á obra *El idioma gallego*, de Antonio de la Iglesia, reeditada en edición facsimilar por La Voz de Galicia no ano 1977.

No tomo I do *Diccionario da literatura galega*, da Editorial Galaxia, do ano 1995, coordinado por Dolores Vilavedra, consta que Marino Dónega:

[...] recentemente escolmou *Rolda de amigos derredor de Francisco Fernández del Riego* (1993), onde se recollen as colaboracións de distintos persoeiros da cultura galega publicadas nos números que *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia* lle dedicaron a Fernández del Riego co gallo do seu oitenta cumpleaños, e *A memoria e os amigos* (1994), colectánea de sembranzas de amigos como Fermín Penzol, Fole, Ramón Piñeiro, etc., xa publicadas con anterioridade.

Cómpre engadir que Marino Dónega é autor do volume *Luís Seoane. Vida e obra literaria*, publicado por esta casa en 1994, ano no que a Luís Seoane se lle dedicou o Día das Letras Galegas.

Marino Dónega pertenceu a unha xeración que sobreviviu dolorosamente á sublevación franquista e ás súas tráxicas consecuencias. Entendemos que lle tocou vivir un dos peores períodos que atravesou esta Academia dende a súa fundación. Marino Dónega Rozas, ao que coñecemos persoalmente máis que a penas tratamos, deixou en nós a impresión de ser un home cortés, intelixente e culto e un convencido galeguista, ideal ao que sempre se mantivo fiel.

Procuraremos nesta disertación —que se axusta ao sinalado no artigo 39 do Regulamento de Réxime Interno da Academia— dar breve noticia, dun xeito radicalmente subxectivo, e a todas luces incompleto, de como algúns poetas chairegos sentiron e expresaron a paisaxe da Terra Chá, da que nós somos parte inseparábel. O tema é amplísimo. A nosa paisaxe nativa acompañounos e acompañanos sempre. Todos os días da nosa vida, sen faltar un, lembrámola de xeito apaixonado. Entendemos que un ser humano é, en esencia, un anaco de paisaxe posto en pé e camiñando.

Consideramos a Terra Chá o eido máis fermoso deste mundo. Fálanos de moitos xeitos, fondos e amantiños. Entendemos que a voz dos seus poetas, con ser sobranceira e irrenunciábel, non é a única. Para comprender aos poetas é importante saber como é a terra que motiva o seu canto. Por eso intentaremos dicir algo da Terra Chá.

Podemos caracterizala como unha comarca ou bisbarra. Para nós é un universo. O seu espacio real non coincide co oficial. Imos, pois, determinar

o seu espacio real, o que a xente denomina e coñece como Terra Chá. Linda ao norte coas Serras da Corda e da Carba. Ao sur, cos Montes de Outeiro Maior e a Serra do Fitoiro, que hai quen lle chama do Mirador, e incluso de San Fitoiro. Ao leste, ou nacente, coa Serra de Meira; e ao oeste, ou poñente, coa serra da Loba, Cordal do Montouto e Cova da Serpe. Pertence a tres partidos xudiciais e a dous bispados. As demarcacións municipais non cadran coa da bisbarra. Na actual división comarcal de Galicia incluíron na Terra Chá concellos enteiros, ou parte deles, que xeograficamente non son nin endexamais se consideraron chairegos. E excluíron outros esencialmente chairegos como Rábade e Outeiro de Rei. A Terra Chá ten 1933 quilómetros cadrados e 208 parroquias.

Do tomo 29 da *Gran Enciclopedia Gallega* tomamos o seguinte parágrafo que, ao noso entender, determina de xeito irrefragábel o espacio ocupado pola bisbarra chairega:

Segundo López Andión, a Terra Chá comprende os municipios de Abadín (exceptuando as parroquias de Montouto, Labrada, Romariz, Fanoi, Galgao, Quende, Abadín, Friás e Cabaneiro), Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Xermade, Guitiriz, Outeiro de Rei, a Pastoriza (excepto as parroquias de Cadabedo, Lagoa, Bretoña, Úbeda, Lodoso e Alvare), Rábade e Vilalba; poderíanse incluír as de Santa María de Meira (Meira) e Ferreiros, Torneiros, Ermunde, Arcos e Silva, no concello de Pol.

A Terra Chá, xeograficamente, fórmala unha ducia de concellos ou parte deles. Trátase dunhas terras visitadas polo vento cántabro, de ceos grises, habitadas por pequenas lagoas, cruzadas por mil ríos, sendo o principal o Pai Miño, caudal e poderoso. Era unha bisbarra eminentemente labrega, moi centeeira, con grandes extensións de monte raso. Abundan, nas beiras dos ríos e nas lamas, os abeneiros, salgueiros e abidueiras. Debido ao actual abandono da agricultura, a Terra Chá converteuse nunha xigantesca mancha verde, na que medran toxos, xestas e codesos que rebentan en poderosos amarelos nas floridas primaveras: un mato mesto que mudou a paisaxe tradicional.

Don Ramón Otero Pedrayo, Antonio Fraguas, Evaristo Correa Calderón, Antonio Peña Novo, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole e Francisco Río Barja, entre outros moitos, teñen escrito fermosas páxinas que tratan da Terra Chá e de diversos temas chairegos.

Don Ramón Otero Pedrayo foi, sen dúbida, o grande, lúcido, apaixonado teórico e intérprete da nosa paisaxe. Entre nós hai un antes e un despois de Otero Pedrayo no xeito de entender e sentir a paisaxe. O tema levaríanos

moi lonxe, razón pola que nos atemos ao dito por Ánxel Fole, outro dos grandes parciais verbo da paisaxe:

Un non se decata ben cando a paisaxe empeza a ser pra ún un engado, un feitizo. A paisaxe vese, mais tamén óucese, escóitase. Decimos que se sinte. Inque a ningún labrego lle sentimos decire a voz 'paisaxe'. Este sentimento vai sempre no fondo da i alma.

Na fala e na música popular galega refréxase iste sentimento da paisaxe.

Se a paisaxe galega non fora como é, a fala galega non sería asína. Tampouco o sería a música do noso povo. A paisaxe é unha 'efusión' que se mete na i alma sin saber como nin por que. Iste sentimento é unha gracia da nosa sensibilidade. Case sempre melancólico. A contemplación dun solpor non ten precio. Sen iste sentimento da paisaxe nós non seríamos nós.

Chega á música, á pintura, á poesía. Abrangue o ceo e tamén a terra. Ten meiguice. Anima os ríos, os boscos, as estrelas. Fainos soñar espertos.

O descubrimento da paisaxe, dende o punto de vista estético, foi unha das grandes achegas do Romanticismo. Amiel dixo que a paisaxe é un estado de alma, aseveración xa indiscutíbel. A percepción e o sentimento da paisaxe resultan ser, polo tanto, un fenómeno subxectivo. Mais, para subxectivizalo, cómpre que exista unha realidade exterior obxectiva que cada suxeito pode percibir —e percibe— conforme a súa sensibilidade. Por eso entendemos que hai tantas paisaxes como perceptores das mesmas. Cada bisbarra ten unha paisaxe obxectiva diferenciada, con frecuencia transformada pola man do home e rarísimamente para ben.

Don Ramón Otero Pedrayo, entre outras moitas, deixounos esta visión da Terra Chá:

Subindo o val do Eo, profundo e boscoso, por Meira, surxe de súpeto, tendida en grises de fume, de labranzas, de arboredas, ata o confín do horizonte a Terra Chá coa suxestión dunha aboa matriarcal cuio corazón desborda ternura. Á caída solemne da tarde a impresión é emocionante.

No ano 1955, o profesor Ríó Barja deixou sinalado que o silencio é unha das íntimas características da paisaxe chairega. Aínda que no ano 1980 o investigador Isaac Rielo Carballo publicou un *Cancioneiro da Terra Chá*, que contén máis de mil cantigas, coidamos son válidas as observacións feitas por Ríó Barja:

[...] a Terra Chá non é campo de cancións; aquí o silencio, case cósmico, envolve tódolos seus contornos. É verdade que o cantar agroma ás veces aquí e aló, alegrando a campía; mais non é un motivo constante e o mesmo cancionero popular reflicte esa falta, pois ademais de escaso é case sempre importado doutras bisbarras de Galicia.

Na actualidade, como en todo o campo galego, na Terra Chá non canta ninguén. Todo o máis, poderanse escoitar as cancións da radio e da televisión, curiosamente en inglés ou español. Concordamos, pois, co profesor Ríó Barja cando acrecenta:

Pero este silencio, que podemos chamar humano, atópase compenetrado e mantido por un silencio ambiental, un sentido de calma e pausa en tódolos fenómenos da Natureza. O constante rumor das abidueiras, movidas por un aire suave, e o bruído brincador dos seus mil ríos apaciguanse e amansan para non rachar o maxestuoso silencio da chá.

Este “silencio humano”, tan chairego, fíxose para sempre latexo máxico nos versos de Aquilino Iglesia Alvariño:

*Coma na herba noviña ou na frol da i-auga
eu quero oír o teu silencio, nena.*

Ou aínda:

Lentitude nos seus ritmos, silencio no ambiente, un tono gris, lixeiramente nostálxico, e un aire de femineidade, de sinxeleza e elegancia; tais son os rasgos xerais e característicos que advirte o viaxeiro na paisaxe da Terra Chá.

Eso é: trátase dunha paisaxe delicadamente feminina e mesmo maternal que nos marabilla e acolle amorosamente. Estamos moi lonxe das gándaras bergantiñas de Eduardo Pondal ou do Courel dos tesos cumes de Novoneyra.

Na Terra Chá naceron moitos e bos poetas. E seguen necendo. Debido á limitación deste traballo, que só nos permite enunciar o tema que tratamos, unicamente nos referiremos a poetas que xa non están entre nós e son argumento de eternidade. Dóenos excluír a Darío Xohán Cabana e, maiormente, a Miguel Anxo Fernán-Vello, que, a xulgar por algúns poemas seus publicados ultimamente, estanos a descubrir unha Terra Chá insólita e transcendente.

Ninguén dubida que a Terra Chá é unha patria poética. Moitos dos seus poetas —entre eles, dos máis importantes e significativos, Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro— estudiaron no Seminario Diocesano de Santa Catalina de Mondoñedo, onde adquiriron unha gran formación clásica e as esencias máis puras e fondas da latinidade. Eles trouxeron á poesía galega o engado das églogas virxilianas, o equilibrio horaciano, as escuridades das noites de Ovidio no afastado Punto Euxino e

a saudade melancólica dos elefacos. Para nós, os ritmos da paisaxe chairega son os mesmos que os dos hendecasílabos de Aquilino Iglesia Alvariño, música aprendida nos hexámetros de Virxilio.

Levamos anos sostendo que hai unha “Escola poética da Terra Chá”, con personalidade propia; e, dentro dela, perfílase nidiamente a que chamamos “Subescola poética vilalbesa”, á que pertencen, ademais doutros poetas menores, Xosé María Chao Ledo (1844-1894), Manuel Mato Vizoso (1846-1909), Antonio García Hermida (1885-1939), Carmen Prieto Rouco (1901-1977) e Xosé Luís García Mato (1924-1980). Sempre tivemos unha irreprimíbel simpatía polos poetas vilalbeses. Mais só nos podemos referir a dous: Xosé Luís García Mato e Xosé María Chao Ledo. Polos seus versos circulan toda clase de ventos. O máis poderoso é o que vén do Cantábrico bruador, do que Xosé Luís García Mato nos dá noticia exacta:

*Pola Terra Chá longal
o vento a zoar
mete medo.
O vento...
enchendo a Terra Chá
do bruar do mar...
.....
Como un can doente
a roe-la Chaira
de lexos ven o vento
do mar.
A Chaira arrepiada
enconítase
co medo
e vóltase máis chá.*

Sabemos que a voz da Terra Chá é o vento, o que nos semella moito saber. Aínda hai máis. Nun inesquecível poema, Aquilino Iglesia Alvariño deixounos esta noticia marabillosa:

*... Nos curros de Aldoar
durmiu esta noite o vento coa Oreade.

Os seus bicos sabían a queirogas,
a rosadas e xestas do Valiño
con froles e niños de xemexeme.*

*Traiguía nas súas maus un sono ledo
de aloumiñar centeos e liñeiras.*

A Oreade (¿non estará neste nome a orixe do verbo “orear”?), unha das ninfas gregas —concretamente dos montes— e Aldoar, un pequeno lugar da parroquia natal de Iglesia Alvariño. A Oreade, dicimos, para durmir co vento chairego traía, como inestimábel ofrenda “un sono ledo / de aloumiñar centeos e liñeiras”. ¿Cabe meirande e máis fermosa humanización da paisaxe?

Temos que volver de novo a Vilalba para escoitar como o vento, nas árbores, canta nos poemas de Chao Ledo, maiormente no titulado “A volta da primavera” (os chairegos en particular e os lugueses en xeral dicimos “primaveira”), subtítulado polo seu autor como “imitación de Ovidio”. Son vinte versos que abundan para consagrar a un poeta. Para nós é dos máis fermosos poemas —senón o máis— da “Subescola poética vilalbesa”:

*O brando Favonio xa sopra na veiga.
O merlo asubía fervendo de amor.
A doce ruliña xa brúa na chousa.
Xa atruta nos soutos o cuco traidor.*

*Os nenos xa collen as lilas i as maías
na veira do río, no monte, no val.
Xardís son as veigas i os altos penedos.
Xardín delicioso volveuse o toxal.*

*A cabra relouca nas brañas pacendo
ó doce da abella monótono son...
Roseiras, ourego, perfumes, cantares.
¡Que Dios te bendiga garrida estación!*

*O noso labrego sorrindo ademira
os agros inmensos que veñen e van;
os agros inmensos que chucha Favonio,
os agros inmensos i as combas que fan.*

*Ei, Musa, desperta, ruliña graciosa.
Pasaron as neves, Abril xa chegou.
Na beira do río pulsémola lira,
as maías xa bailan; xa o merlo cantou.*

*Cantémolas veigas, cantémolos montes,
cantémolos ríos e as voltas que fan;
cantémolos agros, ruliña graciosa,
os agros inmensos que veñen e van.*

Se non nos trabucamos, o poema está formado por hendecasilabos, o ritmo propio e que mellor lle acae á Terra Chá, nos que foi mestre Aquilino Iglesia Alvariño.

Como se sabe, Favonio é un vento do poñente, suave e moi agradábel. Favonio, voz e ordenador de paisaxes, fai o milagre: que asubíe o merlo todo amor, que se queixe a rula e que mesmo o cuco traidor musicalice os souts, mentres os rapaces apañan lilas na ribeira, no monte e no val. As cabras pacen e reloucan polas brañas escoitando o rombar das abellas. O labrego, sorrindo, participa nesta inmensa alegría, mentres admira, pasmado, as grandes centeeiras, unha lembranza xa, quizais desaparecidas para sempre. O poeta acada, a forza de repeticións —tal unha breve ladaíña— unhas impresionantísimas imaxes de enorme plasticidade visual e sentimental: “os agros inmensos que veñen e van, / os agros inmensos que chucha Favonio, / os agros inmensos i as combas que fan”.

Os agros ondeando, facendo combas como as maravillosas ondas dun mar de verde, un gozo para os nosos ollos e un ritmo máxico para a nosa intimidade. Estamos nunha paisaxe iluminada, como dicía José María Castroviejo, na que as veigas e os penedos se fan xardín. E tamén: “Xardín delicioso volveuse o toxal”, visión que pasará á poesía de Noriega Varela que, na época da súa estada na Graña de Vilarente, frecuentaba Vilalba tendo grande amizade, entre outros, con García Hermida e Carmen Prieto Rouco, á que lle dedicou o soneto titulado “Primavera”. Na composición “As froliñas dos toxos”, de Noriega Varela, atopamos estes versos:

*¡Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!
Eu venero as froliñas dos toxos.*

*Dos toxales as tenues froliñas
que sorríen, a medo, entre espiñas.*

.....

*¡Oh do ermo preciado tesouro:
as froliñas dos toxos son de ouro!*

Podemos concluír dicindo que os poetas vilalbeses transmitíronnos a visión e o sentimento da paisaxe da Terra Chá con fidelidade, transformada —fermoseada— pola palabra poética. Xa Antonio Machado nos ensinou que ás palabras de amor lles sentaba ben algo de esaxeración.

Con todo, nos poetas vilalbeses, o paisaxismo non é o máis significativo da súa obra. A súa creación poética pódese caracterizar como: conservadora, bilingüe, localista e costumista (moitos dos seus versos son poemas de circunstancias); o seu medio de comunicación foi a prensa vilalbesa e, na maioría dos casos, os seus versos publicáronse con formato de libro postumamente.

Os grandes poetas da Terra Chá que forman unha triloxía máxica son: Xosé Crecente Vega (1896-1948), Aquilino Iglesia Alvariño (1909-1961) e Xosé María Díaz Castro (1914-1990).

Crecente Vega foi, ao longo de moitos anos, o autor dun só libro: *Code-seira*, publicado no ano 1933 cando en Galicia estaban as vangardas en plena ferverza. *Codeseira*, na época, foi considerado polos mozos como un libro vello, e mesmo anacrónico. Gracias ao magnífico traballo de Ricardo Polín e Luz María Durán, *A poesía de Codeseira (edición crítica e estudo)*, galaradoado co XI Premio literario Ánxel Fole, a poesía crecentiana comezou a ocupar o posto ao que ten dereito no panorama da lírica galega. Ricardo Polín, despois dun inxente e difícil traballo, clasificou e estudiou a obra, ata o de agora inédita, de Crecente Vega, que completa e enriquece notabelmente o coñecemento do poeta.

Crecente Vega deixounos unha poesía rica e apaixonante, de temática rural, mais non ruralista, que se identifica co vivir labrego da súa bisbarra nativa. É unha poesía que, malia a ser sinxela, non é nada simple e nela reflectese a experiencia e a asimilación dunha cultura moi antiga.

Ánxel Fole, un apaixonado, devoto e emocionado lector de poesía, nun artigo publicado o 21 de novembro de 1958, en *El Progreso*, de Lugo, titulado “Terra Chá... e ben trovada”, escribiu estes acertados xuízos referidos a Crecente Vega:

Era un poeta sinxelo e verdadeiro, un inspirado cantor de cousas elementais. Sin escuela, sin ‘ismos’, sin moda. Nada novedoso. Canta naturalmente como os paxaros. Sinte necesidade de cantar no grave e melodioso galego dos seus eidos nativos [...].

Cantor do campo, da terra e das cousas máis que da paisaxe. Porque a paisaxe require máis complicación: a ‘sabia’ pincelada, a descripción, a metáfora. A poesía da paisaxe, como a súa literatura, é madurez persoal e histórica. Unha poesía labrega non é nunca cabalmente paisaxística.

Coidamos que é así. De todos os xeitos, a publicación dos inéditos crecentianos abre uns horizontes sorprendentes e amplísimos para a comprensión total da súa obra poética.

Os elementos paisaxísticos que atopamos en *Codeseira* están referidos á “codeseira” —é dicir, ao eido dedicado a codesos— que lle dá título ao primeiro poema e ao libro. A codeseira está xemendo nun ermo desamparado chamado a Folgueira. A personificación da codeseira é moi completa: ten brazos e pelo, recende a bravío e padece coa friaxe. O poeta evoca esta codeseira porque nela alindou o gando. Se non fose por esa circunstancia, ¿estaría nos versos crecentianos? Para Crecente Vega a terra vale polo que ten de utilitario: recoller moito millo, trigo, patacas e herba para manter ben a facenda.

Quizais as referencias paisaxísticas concretas que atopamos en *Codeseira* sexan o soneto “Anoitecer” e as composicións tituladas “Chorimas” —con claros antecedentes en Noriega Varela— e “Cantar do vento lixeiro”, aunque non son as únicas.

O profesor Río Barja baséase nos versos crecentianos para ilustrarnos sobre a lentitude dos ritmos chairegos:

Esta lentitude da que está enchoupada a Terra Chá semella suxetar e canalizar tódolos factores cósmicos; o vento sempre presente na chá ou a choiva, constante e implacable, resólvense sin agresividade nun monótono fluír, que apreixan con frecuencia os seus poetas. Así se expresa Crecente Vega, o delicado poeta da Chaira:

*—A min práceme a rosada
porque refresca a campía.
—E a min porque cai amodo
sin abanar as herbiñas.*

*—A min práceme o ventíño
porque as follas fai cantar.
—E a min porque as acariña
cáseque sin lles tocar.*

Esta calma de tódolos seus ritmos está agudizada co pasmo case místico do silencio.

E volvemos a Ánxel Fole, un dos máis entusiastas lectores que tivo Crecente. Ánxel Fole opinou que a poesía crecentiana ten son de frauta de buxo e que lembra o canto monótono, teimudo, do grilo na codeseira.

Non podemos escribir o nome de Aquilino Iglesia Alvariño sen emoción. Foi o noso mestre e xeneroso amigo o mesmo que Xosé María Díaz Castro. Para nós Aquilino é o gran cantor e intérprete das paisaxes chairegas que tan emocionadamente contemplou dende o seu Seivane natal, nas brañas de Abadín dende as que se divisa toda a Terra Chá. Non cabe dúbida de que se sentía chairego. Velaquí o seu claro e fermoso testemuño:

*E o río todo calmo e todo verde,
todo cheo de oucas e de bidos
brancos e tremellosos. E o calado
medrar do fume calmo das lareiras
da Terra Chá nativa, entre os vilares.*

A afirmación non pode ser máis clara e rotunda: “a Terra Chá nativa”. Os topónimos chairegos esmaltan como alfaias os seus poemas. Así:

*Nas pradelas de Outeiro viras roseiras de auga.
Gurgullaba o silencio por cen toupeiras craras.
Ai o sol polas veigas
con froles amarelas!*

Estamos en Santa María de Outeiro, na parroquia natal de Crecente Vega. Só nesas pradelas máxicas e miñotas pode gurgullar o silencio. ¿Onde senón? O silencio e as flores amarelas de veigas e pradelas, e as do mesmo sol. ¿Hai flor máis amarela que unha raiola de sol caendo en prados e lameiros? Mentres:

*Nas veigas de Moimenta os poltros novos
correrán entre a herba e o restoballo
das froles que lles chegan ó fuciño.*

E no medio dos trigos —¡ouh milagre!— nacerán brazados de cantares. Aquilino Iglesia Alvariño é un poeta moi completo. A paisaxe, con ser importante na súa poesía, é só un dos elementos que a conforman. Todo o apartado de *Cómaros verdes* titulado “Cabrifollos e oucas” resulta ser o tratado máis fondo, fermoso e fiel das paisaxes da Terra Chá. Nel está expresado todo o que cómpre dicir, e do xeito máis perfecto, das paisaxes chairegas. Para dar unha lixeirísima idea do seu contido teríamos que reproducir enteiros os poemas.

“Os montes” é unha composición exemplar. En primavera eran de cor de rosa e recendían

[...] *cando as brañas e as uces froleaban
seus grobiños trembeques e miudos.*

Mais no inverno:

*Agora, de verdá, son duros montes
pardos, calados, sós, case perdidos,
de xistras e de vento agallopados.*

*De cara a Meira a serra é doce aínda
azul de lonxanías. A do Teixo
e a do Cadebo, aló por Castro Verde,
brilan —xa case nubes— coma vidro
coa alegría da neve renovada.*

.....
*Ceibas por entre deles agallopán
prás caivancas de Quende e de Galgao
as greas de Xan Paz de Cadabedo.*

*As de Carreiras van por Samarugo,
Cabreiros, Candamil e Santaballa.*

Cómpre sinalar o poder eufónico e evocador destes topónimos. E comprobar, asombrados, como con tres nomes se pode acadar un hendecasílabo tan musical, suxerente e perfecto: “Cabreiros, Candamil e Santaballa”.

E o comezo da composición “Os prados”:

*Pola beira do Miño, aí, meu amor,
e aló pola Rigueira e Pastoriza,
que grandes son os prados entre bidos
de cabeleiras de ouro tremelosas.*

*Que ledó vai o río patuxando
e como se remansa e se demora
por entre os prados verdes silencioso!*

*A i auga é moura e case non se move
por entre as sombras de ouro da ribeira
que estremelan moi finas raioliñas.*

Referíndose a este poema, Miguel González Garcés escribiu:

Nomes xeográficos, elementos e descripción moi ben feita da paisaxe, clara, xusta, limpa e con dominio da lingoaxe e do verso. Axudará a coñecer e amar a Galicia.

O poema “Abedoeiras” (tamén se chaman abidueiras, bidos, bídalos ou budios) para nós é unha marabilla que sempre nos asombra. A abedoeira é a árbore máis abundante, a máis característica da Terra Chá, a que mellor define a súa paisaxe. Este poema de Aquilino ten o seu antecedente inmediato no fermoso soneto de Noriega Varela “Ora é unha abedoeira...” que comeza así:

*Trocouse en arboriño (foi noutrora)
e aparece nos ermos orballada,
porque gusta das lágrimas da aurora,
xoiñas fulgurantes...*

A isolada

*ora é unha abedoeira, mais xa fora
Ninfa, tal vez, ou Princesiña, Fada
ou a Meiga mais linda e argalladora
que inquietou ós brañegos de Labrada.*

Comentando a composición “Abedoeiras”, un crítico afirmou:

A prosopopeia desrealiza. A descripción moi fermosa en endecasílabos. Quizais cheguen mais a nós as abedoeiras, e a súa beleza, por este poema. Non é pouco.

Permitíndeme que ceda á tentación de transcribir enteiro o poema “Abedoeiras” de Aquilino:

*Pastoriñas dos montes, nas caivancas,
ó longo dos regatos e nas veigas.*

*Nelas se esperta o vento do mencer
e espéllase o ouro nelas no solpór:
En nebra enmaruxadas, á mañá
choran bágoas sin ollos, case estrelas,
sobre a i-auga do río inda dormido.
E estremébase toda na ribeira
a súa carne de neve verdegada.*

*O verde das súas follas, ouro agora,
vaise despindo ó vento dos mencers.
Encoirñás na noite, tremelantes,
son coma lúas vivas xunta ás fontes
e ó longo dos regatos de auga nova.*

*A súa carniña é lisa coma a seda
ou neve nova en albore callada.*

*Entre elas, non amantes, irmaus foscas,
negros, barudos, laídos ameneiros,
empáranas á tarde na súa sombra.*

*Elas todas de luz e aire a penas,
orfiñas, nas caivancas, pol-os montes,
soñan con noites brancas de nevada
e coas lúas amigas de xaneiro.*

Temos que facer referencia ao poema “No me esquezo de vós” que nos leu o propio poeta no café España, de Lugo, no ano 1949, ou quizais no 1950. Aínda levamos resoando dentro de nós a voz amiga, grave, lenta e inesquecibel de Aquilino Iglesia Alvariño. Esta composición contén unha descrición maxistral da paisaxe chairega:

*[...] no me esquezo de vós, longas ermanzas
da miña terra de uces e queirogas.*

*Terra pobriña, leda de muños,
e de ríos calados, cheos de sombra,
e pontellas de laxe sobre os ríos,
onde os nenos se miran debruzados.*

*¡Ai, quen me dera agora, meu amore,
nesta tarde de vento e sol quebrado,
polas grandas de Silva e do Mosteiro,
aló contra San Cosme de Gondel!*

*¡Quen me dera en Fonfría, Ermunde e Lúa,
terras bravas que un día agallopei
nun cabalo roán de quinas brancas!*

.....

*¡Que ben cantan de volta da esfollada
os mozos de Duarría e de Ansemare,
na Terra Chá, lanzal de abedoeiras,
leda de ríos calmos coma sono!*

Francisco Fernández del Riego fixo unha acertada e intelixente síntese do significado da paisaxe na obra de Aquilino Iglesia Alvariño:

[...] unha paisaxe que non é só a luz, ou a cor, ou a forma, ou o rumor, sinón unha unidade integradora. Todo o paisaxístico que do verso transcende, abrangue ó home, os montes, as prantas, o ceo, as augas, os animais...; pero tamén algo máis: algo inasequible, inaudible, inefable, o que é lume, espírito, gracia, que estando tras e dentro das cousas, compre sentir, intuir tan so.

Dos grandes poetas chairegos, Xosé María Díaz Castro foi sen dúbida o que menos topónimos utilizou na súa poesía. Como especificou o seu gran biógrafo e estudioso, Alfonso Blanco Torrado:

[...] a diferenza dos poetas da Chaira, case todos mais localistas neste eido [*refírese á utilización de topónimos*], Díaz Castro trata de abstrae-la xeografía da súa infancia nunha linguaxe mais universal.

Máis universal e tamén moito máis abstracta. Entre os topónimos usados por Díaz Castro están Porto Muño (no río do Porto, entre o lugar de Vilariño de Os Vilares e Buriz), a Corda, Arxán, Parga, Pastoriza, Cuba... e pouco

máis, se é que hai máis. Todo o contrario do que acontece con Iglesia Alvaríño, tan determinante na consolidación e maduración da obra poética de Díaz Castro.

Podemos afirmar que, en Díaz Castro, a paisaxe está moi interiorizada e que se resolve nun telurismo e nun franciscanismo moi evidentes. O poema “Esmeralda” pódenos servir de exemplo:

*Herba pequerrechiña
que con medo sorrís
ó sol que vai nacendo
e morrendo sen tí,
¿por que de ser pequena
te me avergonzas tí?
¡O Universo sería
mais pequeno sen tí!*

Nos versos da composición “Vísperas” a personificación dunha festa —romaría do Carmio de Porto Muíño— chega a lindes insospeitados: o río está deitado como un boi remoendo, o ameneiro chora na noite e as súas bágoas fan pequenos ceos de estrelas, a festa chega ao río e pérdese bailando entre bimbios e xesteiras ata acenderse nos vidros da aldea. O ameneiro chora soñando. E acontece o prodixio:

A Virxe pasa a mau polo lombo do río...

Xosé María Díaz Castro, cunha economía expresiva maxistral e un asombroso poder de suxestión, acadou na súa obra poética unha síntese de paisaxismo, intimismo e o que podemos denominar ‘telurismo cósmico’, do que é un claro exemplo o breve poema “Polpa dorida”:

*¡Ei, terra verde e Mar de Orballo,
polpa dorida se as hai!
¡Ás túas portas perdín todo
cheiro alleo de terra ou mar
e agora, ó caer no teu colo,
oio pacer a canto hai!*

O achado poético é sorprendente: “Oio pacer a canto hai”. E abonda.

Os grandes poetas da Terra Chá pódense encadrar na corrente poética que os críticos chaman “paisaxismo humanista”, que incluíría tamén a Noriega Varela. Para o profesor Méndez Ferrín:

Habrá de ser Iglesia Alvaríño, que representa a pasaxe entre a xeración de 1925 e a de 1936, o que configura de xeito definitivo as liñas tópicas deste grupo de poetas de distintas xeracións (como os neotrovadorescos e mailos imaxinistas) aínda que todos eles arraizados nas sobrias e altas terras lucenses. O clima estético da actitude poética ruralista atinguírase coa aportación de Xosé María Díaz Castro, un dos cumes da poesía galega posterior a guerra civil.

Intentaremos, pola nosa banda, unha simplificación para rematar.

Como coidaba Manuel de Paderna —poeta popular, profundador, alguacil de concello, cansacamiños e, malia a ter industria aberta, noso barbeiro de cámara, que diría Álvaro Cunqueiro—, simplificar case nunca é clarificar senón empobrecer. Con todo procuraremos especificar cál é, ao noso xuízo, o sentimento que neles despertaron os seus nativos eidos.

Primeiramente, cómpre sinalarlles como antecedentes remotos a influencia da poesía latina, debido á súa estada no seminario de Mondoñedo, no que se formaron. Resulta significativo que dous deles, Crecente Vega e Iglesia Alvaríño, foran catedráticos de Latín.

Como antecedentes próximos, é notoria na súa poesía a pegada que lles deixou Leiras Pulpeiro e, maiormente, Noriega Varela, ambos delicados e fondos poetas da paisaxe.

Hai que salientar a extraordinaria calidade e riqueza idiomática destes poetas, a súa formación filolóxica e o seu gran dominio da forma, sen aventurarse en experimentacións vangardistas, anque incorporaron á súa poesía —Aquilino e Díaz Castro— as conquistas formais máis válidas do seu tempo.

Xosé Crecente Vega, como ben sinalou Ánxel Fole, máis que un poeta da paisaxe foi un cantor do mundo rural. Na súa poesía, a paisaxe está xeralmente en función dos traballos e os días dos labregos.

Aquilino Iglesia Alvaríño é, por excelencia, o gran poeta da paisaxe chairga. Utilizou maxistralmente os topónimos e acadou uns poemas descritivos —incluso, como no caso de Crecente Vega, de enorme valor etnográfico— cheos de emoción e de poder evocador verdadeiramente modélicos.

Na poesía de Xosé María Díaz Castro atopamos unha paisaxe inequivocamente chairega, interiorizada e abstracta, moi depurada, ategada de franciscanismo e telurismo.

Tres grandes poetas para un mundo inmenso e fermosísimo que se chama Terra Chá.

Máis nada.

Teño dito.

RESPOSTA

DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON
XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

Excelentísimo señor Presidente e Excelentísimos señores e señoras académicos, despois do belo discurso que acabades de escoitar cúmpreme a min dar a resposta perceptiva neste acto.

Non quixera que soase a retórica a seguinte afirmación: é para min un honor darlle a Manuel María a boa vinda. Polo significado da obra del, síntome distinguido. Pola amizade que nos une, a honra matízase coas cores da emoción. Certamente, non serei eu o máis antigo amigo do recipiendario que senta hogano ás portas da Academia Galega; pero os corenta e sete anos de trato, de correspondencia, de falas, de intercambio literario, de arelar común, de política discrepante entrefebrada de concomitancias e outras cousas que non son do caso agora, ocasionan, por que non dicir, que unha onda de afectividade veña vasoírar con escumallos variados, feitos de remorsos, de reminiscencias, de maos e bos entendidos, de vida comunal, en fin, as palabras que aquí poida eu usar. Irmandade, pois, trepar conxunto na nosa vereca torta, no camiño longo, falo por Cabanillas, no que tanto o novo académico como o que agora usa da palabra estamos a facer a derradeira revolta, o relanzo final desde o cal pode ser ollado con serenidade o arrebaño dos días pasados, que, no caso do recipiendario, é, abofé farturento así de avenza como de facenda literaria.

Recibimos, señores e señoras académicos, unha figura que pertence á segunda xeración de posguerra, moi escasamente representada na Academia ata hai pouco tempo, e que no cadro das letras galegas da segunda metade do século XX ostenta unha posición precursora. Anómala debido á interrupción da chamada por Vicens Vives Guerra de Tres Anos e pola represión exercida desde o 20 de xullo de 1936 sobre ideas, persoas e institucións, idioma e letras patrias, a recuperación da cultura galega cobra, no ecuador do ano 1950, a forma dun reagrupamento de fuxitivos. Arredor daquela data, as editoriais refundan o noso sistema literario (Bibliófilos, Benito Soto, Monterrey, Galaxia, Xistral...) mentres en América os emigrados económicos e

políticos suplían con nobreza as nosas terribles perdas e carencias. Ocorre así que, por volta daquel ano citado e marabilloso, deron á luz as súas obras primeiras, posteriores ao conflito, escritores e escritoras de varias xeracións. De entre elas, a do 36, que xa se dera a coñecer durante a República, a de Enlace, integrada polos nados na década dos vinte e a que eu chamo, aínda que a Manuel María non lle gorense, *Xeración das Minervais* e Borobó de *La Noche*, integrada polos que coñeceron a luz do mundo entre 1930 e 1940, ano cara a arriba, ano cara a abaixo.

Manuel, que naceu en 1929, é un dos que máis alpeiraron dándonos o seu *Muíñeiro de brétemas*, na colección Benito Soto que saía dos obradoiros de Sabino Torres, na Rúa de don Filiberto Abelardo Díaz, de Pontevedra, o ano 1950. Cando os máis dos académicos e académicas aquí presentes chegamos á Cidade das letras galegas, Manuel María xa estaba alí, na porta, facendo se tal un cigarro, á nosa espera, e deunos unha aperta de recepción cordial. Isto converte a Manuel María, no seo da nosa xeración, nunha especie de Decano de honra. E esta é a razón pola que eu denantes falei da súa condición de Precursor, o cal é moito dicir nos ámbitos da Academia que presidiu Manuel Murguía e na que sentou Pondal. Recibíunos Manuel María á porta da Cidade, no tempo en que esta comezaba a se poboar de pensamento e de poemas e de drama e doutras historias; correspóndenos o lle dar, á nosa vez, a salve no intre de el calcar a soleira desta Casa.

A ocupación do tempo principal e a dedicación vocacional da vida de Manuel María foi e será sempre a escrita literaria. El é alguén que foi chamado ás letras e que vive a creación como necesidade primordial. Ora ben, a peculiar dedicación á escrita de Manuel María é posible mercede a súa radicación no País. En primeiro lugar, Outeiro de Rei, o lugar natío, é a patria primordial que une o noso recipiendario con outros académicos aquí presentes que vemos a luz primeira do mundo non lonxe do cantarolar das augas despaciosas do Miño. En segundo lugar, a Terra na que se insire Outeiro de Rei, ou sexa o país ondulado da Terra Chá que Manuel María definiu en por si e para sempre, tamén na oración que acabades de sentir. A partir de tal torrón básico, o noso autor estende a súa residencia ás cidades de Galicia. Logo da substancia agraria, dos ritmos e sazóns do vivir infantil en Casa Grande, acordante cos traballos e cos días da xeórxica, sobrevive a cidade e a primeira será unha das capitais históricas de Gallaecia: Lugo, que lle servirá de escola e porta ao mundo da cultura universal. Aló nace o poeta Manuel María que hoxe consome os días, pasados anos e esforzos, na Coruña que cobexa esta Academia e os seus fastos e labores. Entre ambas cidades, a de partida e a de destino, a moi longa estada en Monforte de Lemos e o regreso, sempre, a Compostela.

Destes puntos cardinais da cartografía manuelmariana parten liñas infindas, camiños, vieiros dilatados que o poeta calca en procura da Galicia viva e multiforme dos mil ríos, que dixera o Poeta, dos non menos numerosos tesos, cotos e cordais, dos vestixios do pasado, das falas dos vivos e dos mortos, das freguesías, das vilas e dos casais. E en cada eido ou taberna ou praza de xente ou lar que fumea da Galicia toda, Manuel María espile a orella e escoita as palabras. Intervén nestas, dialoga; pasa logo á peroración e ao discurso en xeito de monólogo. Diserta en foros e participa en asembleas arredor dun problema social ou dunha análise literaria.

Podemos así dicir que toda a vida de Manuel María ten sido, e segue e seguirá a ser, unha viaxata interminable polos vieiros da Saudade, digo da Galicia que non se dá visitado, que non se dá visto, que non se dá sentido nunca completa. Peregrino incansable de radios curtos, como se definía a si mesmo Otero Pedrayo, sempre cun pé no estribo do coche de liña, mais tamén, Manuel María, viaxeiro a puntos distantes: Bretaña, de onde tirou unha das actualizacións contemporáneas da súa materia, Francia, Italia, Grecia, Exipto, Portugal. Tanto é así que se dá o caso de este que lles dirixe a palabra olla para atrás e comproba que ten falado durante máis horas con Manuel María en Salamanca ou en Lisboa ca en Ourense: cousas da vida.

E entremesturada con esa ollada multifacética sobre o país desa escoita agudísima dos seus sons e mesmo da percepción táctil e olfactiva das súas materias, entra en Manuel María a Galicia de Letras e de Historia que Murguía e Pondal e Rosalía e restantes Precusores nados na década de 1830 fundan.

Así Manuel María, desde a altura dos dezasete ou dezaioito anos convértese nun lector cursidoso e atento de cada pegada do pasado de Galicia que teña resistido en forma de texto impreso as inxurias da idade e do desleixo, ao tempo que, bibliófilo, foi reunindo canto folleto, folla solta ou libro teña caído nas súas mans protectoras. E coa historia e coa cultura galega en xeral, Manuel María procurou e leu, con frecuencia tamén decorou, a poesía e a literatura escrita en galego —e non só— de todos os tempos. Isto unido ao estudio e á frecuentación das máis importantes encrucilladas da literatura universal, se é que hai literatura universal, con especial dedicación á catalana, a castelá e a portuguesa.

Mais, é verdade, ilustrados colegas, que Manuel María non foi chamado a participar nos traballos desta Corporación polo cúmulo de cousas que levamos suxerido senón en virtude da obra literaria da que é autor.

Con frecuencia, e ao tratar da produción literaria dun escritor calquera, caemos na tentación de preterir, só o capítulo de “obras menores”, as non re-

colleitas en libro ou en folleto. Cada vez máis valorada esta “marginalia”, e con xustiza, digamos que o labor periodístico de Manuel María é notorio. Ten colaborado en revistas e xornais con centos e centos de artigos sobre os máis diversos temas, entre os que sobrancean os literarios, artísticos, de viaxes e, en forma moi especial, os de crítica literaria. Como cronista de periódico, o noso académico novel desenvolveu desde hai uns cincuenta anos un labor de diseminación de coñecementos e de interpretación da nosa realidade diferencial que, de ser compilado en libros, daría lugar a un número imprecisable de volumes ou sexa a toda unha biblioteca de pequenos estudos galegos, sempre escritos nun estilo diáfano e por veces intencionalmente didáctico e divulgativo, o que non impediu ao autor o cultivo do ensaio de fondo, especialmente de carácter crítico ou histórico-literario como é o dedicado á obra de Crecente Vega. O discurso que hai un intre oímos aquí é unha amosega das capacidades de Manuel María neste ramo didáctico.

Señores e señoras académicos, cómpre agora, antes de seguir avanzando neste discurso de recepción, facer o seguinte apuntamento: por moito que a actividade poética de Manuel María sexa considerada a súa principal, convén, nembargantes, proclamar a realidade de el ser, por parte, un prosador de relevo, moi especialmente no terreo da narración, entre o conto moi breve e a cuase novela curta. Neste sentido, Manuel María tamén actuou desde o punto de vista histórico como precursor e adiantado.

Certamente, antes ca Cunqueiro, antes ca Fole, antes ca min, e falo de min unamuniamente por ser “o home que teño máis a man”, antes ca Blanco Amor que veu despois de Mourullo por moito que moitos non se decaten, Manuel María publicou relatos en lingua galega despois da Guerra Civil. Estes foron os *Contos en cuarto crecente* que viron a luz pouco despois de *Muiñeiro de brétemas* no número 3 da colección *Grial* e tendo como coordinador do volume a Del Riego e como compañeiro colindante a Alonso Montero. Logo, estes breves *Contos* serían revisados e incrementados en volume extenso; mais o feito é que a segunda saída pública en galego de Manuel María é no campo narrativo e esta saída inaugura a historia da narrativa galega posterior á Guerra Civil.

Máis tarde, e xa no tempo do realismo e da denuncia, Manuel María volvería usar *Grial*, esta vez o novo, como campo de probas duns fermosos relatos nos que se espella a vida dura do país natal e o conflito instalado no seu seo e a infelicidade do vivir agrario e popular. En *O xornaleiro e sete testemuñas máis*, de 1971, o autor amósase coma un sobrio, potente, grave contador da realidade e da historia da Galicia das persoas anónimas nun exercicio de brillante neorealismo.

Sempre se pensou, nos ámbitos nacionalistas dos anos cincuenta, na necesidade de revitalizar o teatro galego e de producir textos que supuxeran unha innovación con respecto á nosa escena anterior á Guerra. Repetíase moito, que o novo teatro galego debería fundamentarse nas vellas raíces e estas non eran outras que os autos de Gil Vicente, portugués, e mesmo portugués castellanizante, mais gardador dunha certa pureza popular que, unida a un lindo e non excesivo cultismo renacentista, nolo convertía en próximo.

O de Gil Vicente cobrou a forma, nos anos cincuenta, de consigna difusa e, posto a comparecer no mundo da escrita para o teatro, cousa que en Manuel María é vocacional, el optou por acoller a fórmula. Os aspectos populares do auto vicentino foron asumidos e modernizados, sen se afastar do riso e carnavalesco bahtiniano que latea no transfondo do portugués. Manuel María substituíu a cultura e referencia clasicista do lontano modelo e incorporou nas súas obras o noso tempo e as súas preocupacións e interrogantes. Co popular e nacional-popular, nos autos de Manuel María, o primeiro dos cales foi *O auto do taberneiro* (1961), séntese o latexo de todo teatro moderno, incluído, por veces, o surrealista e o do absurdo. Iso si, con fina percepción, e esta vez non lonxe da tradición de Castelao, de Lorca e de Valle, Manuel decátase da importancia das marionetas e do guiñol e cae na conta de que, durante os anos corenta e cincuenta o único teatro representado en galego era o que o moicante de Leres, señor Silvent —a quen eu lle rendo homenaxe agora desde a Academia— levaba por feiras e festas na súa barraca e que tiña como protagonista o personaxe de Barriga Verde, un Bululú galego que iluminou os días da nosa nenez. O autor botou man do personaxe, restaurouno, soproulle nova vida e velaí o novo *Barriga Verde* de Manuel María disposto a repartir pancadas e risadas polos escenarios.

Aínda Manuel María entrou, esta vez con forza nun rexistro elevado, no campo do teatro histórico de contido nacional-popular e de expresa belixerancia política; como tamén o fixo na comedia fabulística destinada ao goce dun público infantil.

Eu quixera dicir agora que obras de carácter histórico e de intención política de Manuel María como *Unha vez foi o trebón* (1976) referida aos Irmandiños, *Abril de ferro e lume* (1974) e mais a ambiciosísima *A lúa vai encuberta* (1992), visión diacrónica de intres decisivos do noso pasado, unidos a un sólido *Edipo* (1960) que, na liña francesa de posguerra mundial utiliza o mito grego como vehículo das preocupacións do noso tempo, integran un corpo dramático sobrio, severo e suxerente.

Todos os referidos e outros que lle podíamos acumular como é o da frecuentación da oratoria, especialmente da didáctica en forma de conferencia

ou discurso, son méritos que concorren en Manuel María e que abondarían para xustificar o que fose chamado por nós para ocupar un asento nesta Casa; pero foi sen dultanza o seu labourar arreo —con palabras de Celso Emilio— nas tenzas da poesía a causa da sona e fama contemporánea do autor e do feito de el ocupar un importante capítulo da nosa Historia Literaria, por ninguén discutido.

Se ben o volume da súa obra poética nos dispensa dunha descrición demorada dentro dos lindeiros, por forza estreitos, destas miñas palabras de recepción, vaiamos, polo menos, a unha tentativa de definición xeral do seu corpus poético na dirección intencional que temos desenvolvido en traballos nosos anteriores ao presente discurso. Discurso que agora, nunhas poucas liñas, ousa disertar sobre a obra poética máis vasta de toda a historia da literatura galega. Tarefa imposible, ilustres colegas. Falarei desde a subxectividade.

Podo lembrar aquí, como se fose onte, o día en que caeron nas miñas mans ao mesmo tempo os *Contos en cuarto crecente de Grial* e mais o *Muiñeiro de brétemas*, aqueles do 52, este de 1950. Desconcertoume —eu era rapaz— a escuridade e o zoído sordo dos poemas, que, revistados moitos anos máis tarde, parecéronme canto de anunciación do que sería unha das liñas dominantes do poema da miña xeración: o hermetismo, o desacougo, a chamada aos abismos interiores, sombras que bautizamos un día como *Escola da Tebra* ou do *Neboeiro* —isto último prestáballe máis a Reimundo Patiño, sempre tan partisano belixerante de Manuel María—. Non había en *Muiñeiro de brétemas* moita anguria, aínda que si algún son sítmico de fondo e algunha configuración imaxinista nos avisaba, en plan saudosa despedida, que Amado Carballo chegaba ata alí, pero que de alí non pasaría, abofé. Na realidade, a rachadura coas maneiras —xa manieristas— procedentes das poesías próximas pasadas da Xeración de 1925 —Manoel Antonio posto de parte— prodúcese no 52 con *Morrendo a cada intre*, libro no que xa o título conmove e aínda o facía máis daquela e aínda nos acirraaba a nós o xenio radical porque eramos curtos de experiencia e o patetismo existencialista levábanos na súa onda e cousa ningunha fora dita así nunca en galego. Avantando no cabalo aluarado da chamada “imaxe visionaria”, extremado no xesto en liña rachapedras, *Advento* chegounos de Bos Aires en 1954 e xa eramos algúns os que entrabamos por Grímpola de Vigo ou polos bares americanos de Ballesta de Madrid —onde radicara a bohemia de Rosalía e Murguía, logo felizmente casados— a espetarlle aos siareiros noitébregos ou de “Ouh, ti, home de bombillas rabeosamente verdes”. Coma sempre precursor, con eses libros Manuel María dictou unha sensibilidade

e abriu unha creba nos sucederse das retóricas, creba na que varios decidimos afondar. Mais sen case nos permitir un refolego xa Manuel María nos pon nas mans *Terra Chá*, que eu lin cada *Advento*, no mesmo 54. *Terra Chá* seguirá levedando e medrando, porque ser é un couso dotado de vida orgánica e de latexos autónomos. Alí o poeta regresa como Du Bellay, logo de viaxar por lonxes terras, e atópase coa súa Patria, de esquivo beleza, que el nomea e funda. “Un ceo chumbo e tráxico / no que andan as aves a voar”: tamén estes versos nos veñen sempre acompañar cada vez que unha sería paisaxe pode connosco. Recordo telos dito en alta voz nunha gándara toxenta, tamén pondaliana, sen alma viva, pé dunha lagoa de cristal negro como son as da Terra Chá, en Donegal. E, tras dun silencio para o alento, os *Documentos Persoaes* do 58, onde o poeta se pon cunha crónica do vivir so o controlro burocrático no que se coa a experiencia básica convivencial (“Luz Pozo Garza está en Viveiro”, e só de dicir isto unponse contento porque os amigos están no seu sitio e cobéxanos unha nube afectuosa), mais tamén aparece, a xeito satírico, a torva lingua da administración do Estado, da Municipalidade, da Xustiza que daquela o Movemento nacional gobernaba e todo se volve entón dura España procesada e reclusa na Cadea de Papel —isto en caso de sorte, porque a alternativa era a de muros sólidos e grades de ferro real—. Pois logo, súpeto, sen transición, *Libro de pregos*, en 1962, obra de impetrar as instancias vougas que o poeta relixioso que hai en Manuel María enche de vas sombras de esperanza entre Dámaso e Francis Jammes, doce e con lira por veces acordada á de David. ¿Poderíamos dicir que *Mar Maior*, de 1963, que ve a luz naquela colección Salnés que Del Riego puxera a andar con Celso Emilio Ferreiro e Emilio Álvarez Blázquez, representa a primeira obra de madura plenitude do noso poeta? Eu coído que si, que nese libro habita moito do mellor Manuel María, quen, nos seus cotos ledos e felices, é sempre sereno e de pronuncia confidencial ao tempo que vibrante no diapason da natureza e das xentes de noso. Ese Manuel María maior pode atoparse en *Mar Maior*, que é coma un vanzo. Que é coma un acougo, xunto cos *Soños na gaiola*, obra para meniños que a voz do querido Suso Vahamonde difundiu aos catro ventos. É coma un descanso antes da mobilización do poeta na súa xeira de combate.

Pois velaquí Manuel María, máis ou menos a partir do 1968, ano dos grandes movementos universitarios de xaneiro nos que o *We shall overcome* de Joan Baez se convertía en *Venceremos Nós* himno de loita galeguista e anti-feixista debido á traducción gloriosamente infiel de X. L. Franco Grande. No medio do bruído e da furia e da insurrección obreira no eixo Vigo-Ferrol. Tendo en mente a organización e resistencia labrega de Cas-

trelo de Miño. A raíz diso, no tumulto deses días que mudaron a idea nacional do país, con todo presente e entrelazado, Manuel María desencolga a lira de Tirteo, a lira da ira social e política, e canta os cantos ousados do seu compromiso sartreano. A ironía, o sarcasmo, a burla, a denuncia, a vindicación, a voz apodíctica, a esixencia, a queixa sorda, vanse ensarillando libro a libro, recital a recital (con multas gobernativas e prohibicións incluídas), mesmo gravacións en disco dos poemas ou ligados estes ás músicas dos cantores ceibes da data. Toma partido Manuel María nunha longa sarta de libros coma adaos e mesmo este que lles fala considera un privilexio ter prologado un deles. Ata o intre en que, sen perder o tempero metalúrxico e o gume da esixencia colectiva, sobrevén un acougo, o reencontro cos elementos basilares da natureza e do corazón: *Poemas ó outono*, 1977. E a sobriedade, a nostalxia, a comunión coas moitedumes, a paixón primordial, o amor, regresan porque neses sentimentos pertinaces está a Patria e o corazón, e Manuel María é un poeta patriótico cordial por riba e por baixo de calquera continxencia.

E así o poema de Manuel María navega, boga, cía, singra, de arca e de couso, veloz ou despacioso, ao azar das correntes ou a contracorrente, a favor do vento ou á capa proa ao mar todo, ao Mar maior. Longa viaxe a desta nau poética que tiven o privilexio de espreitar desde o litoral de meu, se se me permite aplicar o símil náutico do Clásico a tan terrefa e chairega obra como é a do noso autor.

Obra tan ampla, tivo, por parte, a fortuna de ser traducida e publicada en diferentes linguas distintas do galego. Moitos dos seus poemas foron musicados por Suso Vahamonde, por Fuxan os Ventos e A Quenlla. Penso que ambas cousas, a tradución e a canción, contribuíron xunto coa frecuencia con que Manuel María le os seus poemas en público, á divulgación do autor, quen é hoxe un dos escritores máis coñecidos, seguidos e populares das nosas letras, así en Galicia como fóra dela.

Chegou, pois, Manuel María, o intre de cruzares a porta da Academia e de pasares a estes interiores históricos onde tomarás asento e nos días futuros deixarás oír a túa voz e outorgarás o teu consello. Vas ti formar parte da Institución que, soñada na Habana polos traballadores e polos intelectuais, naceu para defender o herdo e patrimonio da nosa cultura nacional. Ti non os ves, oh Manuel, mais se agora fechas un segundo as pálpebras poderás distinguir esas amabilísimas pantasma que tenden cara a ti as mans lívidas para che dar a boa vinda. Danche a boa vinda as sombras de Murguía, de Curros, de Pondal, de Castelao, de Otero Pedrayo, de Cabanillas e de todos os espíritos grandes e xenerosos que nos precederon nesta Casa e que se re-

sisten a esvaecer e que esixen de cadora o noso esforzo e lucidez con mor-na, sedosa insistencia irmandiña. E dámosche nós a boa vinda.

Entra aquí, Manuel María, e contigo —diría eu utilizando verbas de Malraux non axeitadas á circunstancia— entren de consún as lagoas e ollos de auga da Terra Chá toda e o noso Miño e a vastidade da súa bacía, os bidueiros patrios e todo canto nos prados centrais de Galicia pace para os poetas e os seus lectores ouviren pacer; entre na Academia a aldea de antano e os camiños comestos da silva e do chapapote; entre a nación dos populares cos que convives e a nación dos mortos que, na fosa común do tempo agora, mantiveron, mentres lles ardeu unha torcida de vida, o rumor da lingua a través de centurias de adversidade, entren aquí contigo os pobres de pedir por portas e romaxes e o arrecendo a gloria robusta que emana das cortes da vaca, o seu estrume mallado e o seu quentor único; entren canda ti os coches de liña, os vapores, os avións, os camiños de ferro ateigados de carne de emigrante e mais os asasinados galegos de 1936 e anos sucesivos, e Reboiras e Amador e Daniel e Baena e Sánchez Bravo e os labregos aos que lles expropiaron as leiras; entren as zocas, os chinelos, as chancas, os galochos e así mesmo o sapato baixo que non se enterra na area; entren, si, as partes do muño, e o armazón do grave carro de táboas e do arado e o son do martelo repenicando na bigornia, a fabricación de teares e de barcos de río, o soplete dos metalúrxicos de 1972. Que entren agora aquí unha multitude de xentes, labores, sentimentos, ideas nobres e dictados da razón dialéctica que ti transmutaches en canto e letras mil ao longo duna vida fértil onde as haxa, fértil onde as haxa.

Señor Presidente, ilustres colegas, dixen.

Este libro,
A Terra Chá: poesía e paisaxe,
rematouse de imprimir
o 14 de febreiro de 2003.

ÍNDICE

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON MANUEL MARÍA FERNÁNDEZ TEIXEIRO.....	7
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN.....	29

ISBN 84-87987-35-4

